

*Resolución do 15 de marzo de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión católica, no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e no nivel de infantil e primaria nos centros docentes públicos que dependen desta consellería.*

Por unha Resolución do 8 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión católica, no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e no nivel de infantil e primaria nos centros docentes públicos que dependen desta consellería.

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade e niveis antes citados, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión católica, no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e no nivel de infantil e primaria nos centros docentes públicos que dependen desta consellería.

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sexta da convocatoria de apertura da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As



alegacións así formuladas, unha vez rexistradas, deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo [persoal.secundaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.secundaria@edu.xunta.es).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

